

# Pequeno guión para empregar esta app de xeito sinxelo

Ismael Romarís, abril do 2016.

# Pequeno guión para empregar esta app de xeito sinxelo.

Empezar dicindo que a aplicación (app) está deseñada para que a empregue o alumno; polo tanto, á hora de escoller que entorno usar, decidiuse facer máis uso dun entorno gráfico que dun entorno textual ou de textos.

**Estrutura:**

Consta dun total de 1 pantalla principal e varios despregables.

Decidiuse escoller un entorno espacial xa que nos pareceu que todo este proceso é unha odisea espacial que non sabemos onde pode rematar (este entorno gráfico pódese personalizar en función dos gustos do alumno que teñamos; deste xeito será unha ferramenta máis que serva de motivación).



Os **obxectivos** desta aplicación (app) son:

- ✪ Facilitar o traballo de aula e convertelo en algo máis motivador.
- ✪ Introducir ao alumno no uso e aproveitamento positivo das TIC´s.
- ✪ Proporcionar unha maior autonomía.

**<u>Funcionamento e características máis básicas desta  aplicación (app):</u>**

Na **pantalla principal** aparecen un total de 3 iconas que representan aos 3 elementos que forman parte do seu traballo de “aula”, que son: mestre de atención domiciliaria (profe), titor e aula. Dende esta pantalla, o alumno, tocando en calquera destas iconas accede a un menú no que aparecen as distintas ferramentas que ten para interactúar cos elementos citados anteriormente, por exemplo: si preme na icona de “titor”, despregarase un menú diferente ao que se desprega si preme na icona de “aula” ou si preme na icona de profe.




Aquí pódese ver a icona de “aula”.

**Cada icona** ten uns **contidos diferentes**, polo tanto un menú diferente, dependendo de con quen queira interactúar o alumno (non é o mesmo manter unha “comunicación” co mestre de atención domiciliaria que coa aula…). Dicir que a comunicación coa aula estará sempre e en todo momento supervisada polo titor.

Estas iconas, como se dixo anteiormente, teñen uns menús adaptados, así:




**Profe**

Ao premer nesta icona, o menú que se despréga é “fala co profe; tarefas; videos; voltar”.

**Titor**

Ao premer nesta icona, o menú que se ve é “fala co titor; videos titor; tarefas; voltar”.






**Aula**

Cando se preme, o menú é “fala cos compis; xogos; deberes; videos; imaxes; voltar”.

**NOTA IMPORTANTE**

Estes menús son os que a nós nos parecen máis axeitadas para o noso traballo e alumno, pódense modificar segundo as necesidades de cada un.

Lembrar sempre que o traballo estará supervisado polo mestre.

Tamén dicir que tanto as imaxes como a melodía empregada están libres de dereitos e o software empregado é libre.